



ÍNDICE - SUMARIO

N.º 222

Volume XLV

marzo-abril 2021



Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

O Patrimonio da Igrexa Católica en Galicia. Os seus límites fronte ao patrimonio demanial público e comunitario
por Xoán Antón Pérez Lema 5

A administración dos bens temporais na Igrexa. Claves para unha administración «orientada»
por Miguel Campo-Ibáñez 22

A poesía de Xela Arias, unha obra tensa e depurada
por Miguel A. Mato Fondo 39

Achegas

Patrimonio solidario
por Roberto Freire Hernando 51

Obasileia. «Ovellas perdidas» ao servizo da Sociedade e na Igrexa
por Mari Carmen Lata Rioboo, José Manuel Rodríguez Díaz e Ángel Mejjide Rico 62

Documento

Revolta de mulleres na Igrexa. Ata que a igualdade sexa costume
por Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria 68

In memóiriam

José Antonio González García
por Carmen Monte e Xosé M.^a Grandío 78



Crónica

Carta desde a banda da esperanza

por Manuel Regal Ledo

88

Recensión

*Frei Antonio de Herosa O.F.M. Memorial de las cosas notables
de este colegio de Herbón*

por Celso Rey García

106

Ilustracións

por Soedade Pite

45, 81





Para achegármonos cun mínimo de claridade á cuestión dos bens da Igrexa pode axudar esta tripla distinción que explica moi ben nos seus libros Luís González-Carvajal: hai uns bens imprescindibles, outros claramente superfluos e outros necesarios segundo a condición. É doado recoñecer os dous primeiros. No terceiro grupo hai máis dificultades. Sobre todo, cando miramos a nosa vida e a vida da Igrexa a través do prisma do Evanxeo.

Todos os seres humanos temos necesidade de sobrevivir: precisamos xantar, asearnos, vestirnos e descansar. Tamén as familias e as institucións precisan de cartos para pagar recibos e de edificios para desenvolver dignamente as súas actividades. Estes bens son, xa que logo, de primeira necesidade.

Hai outros bens que son claramente superfluos. É imprescindible xantar, pero non o é facelo a base de mariscos ou caviar. Non podemos vivir sen descansar, pero non é imprescindible facelo nun hotel de Punta Cana. É certo que todos temos necesidade de desprazarnos, pero a ninguén lle é absolutamente necesario un Ferrari último modelo.

A cousa complicase, porén, cos bens que consideramos necesarios segundo a condición. Na celebración dunha voda poden ter cabida mariscos e caviar. Nunha eventual lúa de mel pode ser boa idea ir a Punta Cana. Un piloto de Fórmula 1 precisa do mellor e máis rápido dos Ferrari. Un transportista precisa camións, un armador barcos, un profesor libros, un labrador maquinaria agrícola, etc. Pero, –que modelo de camiión se precisa? –Que tipo de embarcación? –Que edición? –Que maquinaria? Como discernir xustamente entre o que é absolutamente preciso do que comeza a se adentrar polo vieiro do luxo, do superfluo e do prescindible?

As parroquias, as dioceses, coma todas as institucións, precisan de bens básicos que garantan a súa supervivencia e sirvan para o desenvolvemento normal das súas actividades. Pero, por exemplo, cómpre fuxir de toda operación inmobiliaria escura ou de investimentos en actividades financeiras puramente especulativas. Isto último non só é superfluo, senón que pode ser grandemente contraproducente. Fai falla un discernimento exquisito para trazar

unha liña completamente clara entre o imprescindible, o superfluo e o necesario segundo a condición. Son imprescindibles os templos. Son superfluos os fondos escuros de inversión. –Son absolutamente necesarios prazas de garaxe, pisos, baixos e demais eventuais locais parroquiais cuxo uso e desfrute non sempre redunda directamente en ben dos máis pobres? Velaquí onde hai que discernir ollando os bens da Igrexa co prisma do Evanxeo.

Co gallo do rebumbio público provocado polo recente proceso de inmatriculación de bens, *Encrucillada* quere contribuír a iluminar os temas de fondo con ciencia e experiencia.

Na miña opinión, a Igrexa ten dereito a inmatricular os bens que posúe pacificamente desde tempo inmemorial. Cuestión distinta é o control e a avaliación do uso evanxélico que lle deba dar. Aquí hai que discernir. Agora ben, inmatricular non significa adquirir, senón declarar posesión. O dereito asegura a os posibles descontentos a posibilidade de denunciar todos os casos onde se considere que houbo inmatriculacións inadecuadas. Demóstranse en concreto se houbo tales, pero non se dea por sentado que as inmatriculacións da Igrexa son sinónimo de roubo ou usurpación. Porque na súa inmensa maioría non o son.

Neste número da revista, Xosé Antón Pérez Lema ilumina a cuestión desde a historia e o dereito particularmente en Galicia. Miguel Campo estuda o tratamento pastoral dos bens da Igrexa desde o dereito canónico e os últimos documentos vidos de Roma. Cun ton máis vital, Roberto Freire achégase á doutrina do papa Francisco e Mari Carmen Lata Rioboo, José Manuel Rodríguez Díaz e Ángel Meijide Rico comparten con nós a experiencia comunal da *Raiña*.

Tamén publicamos neste número o estudo de Miguel Mato sobre Xela Arias, a poeta celebrada nestas Letras Galegas de 2021, así como o documento das Mulleres Cristiás Galegas polo 8 de marzo e un sentido *In Memoriam* que recorda a figura do biblista Xosé Antón González. A Rolda de Igrexa, unha recensión de Celso Rey García e os debuxos de Soedade Pite completan, finalmente, este número de primavera.

Pedro Castelao